

Datos Xerais 2

Plan Anual 3

Obxectivos específicos para este curso, medidas a desenvolver e recursos previstos.

Modificacións do PE.

Xornada escolar e horario do centro.

Estrutura organizativa.

Aspectos Pedagóxicos 9

Cadro de organización pedagóxica

Plan de actuación dos órganos colexiados.

Plan de actuación do equipo directivo.

Quendas de vixilancia dos recreos.

Programa e calendario de reunións dos órganos de coordinación docente.

Libros de texto e materiais curriculares.

Criterios xerais con sobre o uso das tarefas extraescolares.

Plans Específicos 11

Concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Plan Anual de Lectura.

Plan TIC.

Addenda do proxecto lingüístico.

Programa Anual de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Plan Específico como consecuencia da avaliación individualizada.

Programas de Innovación Educativa.

Horario do Persoal non Docente.

Plan de utilización das instalacións do centro.

Plan de actividades propostas pola ANPA.

Plan xeral de avaliación do centro.

Datos Xerais

O CEIPP do Camiño Inglés conta este curso con 10 unidades, co alumnado distribuído do seguinte xeito:

Educación Infantil				Educación Primaria					
4º EI	5ºA EI	5ºB EI	6º EI	1º	2º	3º	4º	5º	6º
26	19	19	26	25	23	23	21	25	23
90				140					
230									

Traballan no centro 18 profesores/as, dous deles compartidos/as con outros centros (unha mestra de relixión e o orientador). Durante este curso contamos cunha profesional de AL a tempo completo, situación que desexamos se manteña en vindeiros cursos, xa que as necesidades do centro son moi importantes. Tamén contamos cun conserxe e unha coidadora.

En canto ás instalacións e equipamentos, quedan asuntos importantes aínda por resolver e dos que desexamos a máis pronta solución:

- ✓ A solución definitiva aos problemas coa corrente eléctrica do edificio que permitan facer as comprobacións necesarias e utilizar o sistema de calefacción do ximnasio.
- ✓ Realizar as obras comprometidas polo Concello de Oroso dunha entrada ao centro polo Parque do Carboeiro.
- ✓ Mellorar o equipamento das aulas en canto a equipos informáticos e mobiliario.

Plan Anual

Obxectivos específicos para este curso, medidas a desenvolver e recursos previstos.

Propoñemos seis obxectivos para este curso:

- a. Desenvolver a incorporación do centro na Rede de Centros Plurilingües.

Intentar establecer un equipo de traballo que faga propostas de mellora do centro en canto ás competencias lingüísticas do noso alumnado que vaian máis aló da impartición de determinadas materias en lingua inglesa.

- b. Desenvolver a incorporación do centro no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (se é posible).

De entrar neste grupo de bibliotecas escolares haberá que desenvolver os compromisos adquiridos, e de non facelo, crear as condicións para integrarse en breve. Deste xeito pretendemos consolidar dinámicas de funcionamento da biblioteca que favorezan liñas de identidade do centro como a hora de ler, a aposta pola banda deseñada ou a quedada literaria co CEIP de Sigüeiro. Cremos que unha biblioteca cunha presenza máis importante nas aulas incrementará os hábitos lectores do noso alumnado.

- c. Desenvolver o Contrato-Programa que asine o centro.

Intentar consolidar as liñas de traballo iniciadas o curso pasado e modificar aquelas que consideramos que deben selo: PROA, reforzo de matemáticas en 4º, Radio Û, Escola de familias, Club de lectura en familia, Axenda escolar, Educación Dixital, Grupo de Sendeirismo.

- d. Desenvolver o Proxecto Voz Natura.

Comezar co traballo de concienciación ecolóxica deseñado o pasado curso que consiste na realización dun horto escolar e continuar cos traballos da “Ecotropa”.

- e. Desenvolver o Plan de Formación e mellorar a coordinación pedagóxica do profesorado.

Levar a cabo o Plan de Formación deseñado polo centro e que se centra na formación en materia metodolóxica co que intentamos unha maior coordinación que favorecerá a mellora do rendemento escolar.

- f. Mellorar a convivencia entre o alumnado.

A pesar de que a convivencia entre o alumnado é positiva queremos ser un centro onde estes aspectos sexan tan importantes como a adquisición de coñecementos das distintas materias e queremos levar adiante medidas que supoñan unha mellor coordinación entre o profesorado e unha mellor concienciación por parte de todos/as.

A avaliación e mellora nestes ámbitos suporán cambios significativos e estables na vida escolar. Así as medidas e os recursos para a súa consecución serán:

- Establecer equipos de traballo que baixo as premisas de autonomía e responsabilidade e unha boa coordinación, dinamicen cada un dos aspectos sinalados.
- Facer unha boa planificación de todas actividades e medidas e facelas públicas e compartidas.
- Informar ás familias e ao alumnado do funcionamento destes Plans.
- Reflexión, avaliación e propostas por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Outras que poidan ir aparecendo.

Modificacións do PE

Non hai. Durante este curso haberá que revisar o Proxecto Lingüístico do centro a fin de incorporar o relativo á inclusión do centro na Rede de centros plurilingües. Tamén abordaremos a elaboración do Plan de autoprotección.

Xornada escolar e horario do centro

Educación Infantil e Primaria

1ª sesión_ 9:15 a 10:05
2ª sesión_ 10:05 a 10:55
3ª sesión_ 10:55 a 11:45
Recreo_ 11:45 a 12:15
Hora de ler_ 12:15 a 12:35
4ª sesión_ 12:35 a 13:25
5ª sesión_ 13:25 a 14:15

Horario de Titoría

Martes de 16 a 17 horas
Outra hora de mañá a
determinar pola titor/a

Horario de Atención ao Público

Preferiblemente durante a
primeira e a quinta sesión.
De 09:15 a 10:05
De 13:25 a 14:15

Horarios de grupos e alumnado

Foron elaborados segundo os criterios aprobados polo claustro e que foron os seguintes:

Criterios

- Considérase positivo que a área de plástica sexa impartida pola mestra de educación artística. De todos xeitos dáse prioridade ao titor/a do grupo. En 1º de EP, será impartida en inglés.
- Establécese no horario un período lectivo na aula de informática para un achegamento ás novas tecnoloxías que será impartido preferiblemente polo titor/a.
- Impartirase a Libre Configuración (Francés) en 6º de EP. e engadirase unha hora máis de matemáticas en 4º EP. Esta materia será impartida por profesorado coa titulación necesaria en 6º de EP, e polo profesor/a que imparta matemáticas en 4º de EP.
- O profesorado completará horario ata un número que permita atender as gardas, con apoios nos grupos que estableza o Departamento de Orientación.
- A titoría dun grupo será para o profesor con maior número de horas no mesmo.
- Haberá un reparto equitativo de horas lectivas entre o profesorado.
- Establecerase dispoñibilidade horaria para as coordinacións dos equipos e para o equipo directivo.
- Darase horario suficiente para o equipo de biblioteca.
- Programa de titorías. Intentarase que os titores/as poidan ter unha hora no horario de mañá sen gardas para completar a atención á titoría.
- Posibilidade de que o alumnado estea coa titora a primeira hora en algúns grupos.
- Posibilidade de reunións: orientación, biblioteca, infantil, EDL, plurilingüe,...
- Facer un reparto equitativo de gardas.
- A Hora de ler preferentemente impartido polos titores/as.
- Facer unha correcta distribución de espazos. Biblioteca e Ximnasio.
- Manter a biblioteca aberta durante a hora de ler.
- Favorecer a coordinación entre a titora de 3º de EP e o departamento de orientación.

Condicionantes

- Profesorado de relixión que só pode asistir uns días determinados.
- A alumna en escolarización combinada condiciona o horario do seu grupo.

Horarios

EI4A				
L	M	ME	X	V
GL	GLa	GL	GL	GLa
GLa	GL	GL	IN	MÚ
GL	GL	GLa	GL	GL
R/V	EF	GL	GLa	GL
GL	GL	EF	GL	GL

EI5A				
L	M	ME	X	V
GL	GL	GL	GL	GL
GL	GL	GLa	GL	GL
MÚ	GLa	IN	GL	GL
GL	R/V	GL	GL	GLa
GL	GL	GL	EF	EF

EI5B				
L	M	ME	X	V
GLa	GL	GL	GLa	GL
GL	GL	GL	GLa	GL
GL	GL	GL	GL	GL
MÚ	R/V	EF	IN	EF
GL	GL	GL	GL	GL

EI6A				
L	M	ME	X	V
GL	GLa	GLa	GL	GL
EF	GL	GL	GL	R/V
GL	MÚ	EF	GL	AP
IN	GL	GL	GLa	GL
AP	AP	AP	AP	GL

EP1º				
L	M	ME	X	V
LC	MT	LG	MT	MT
LC	CS	MT	EF	LG
MT	EF	LC	LG	IN
CN	LG	IN	LC	CS
MÚ	R/V	CS	PL	CN

EP2º				
L	M	ME	X	V
MT	MT	MT	MT	EF
MÚ	LG	EF	PL	IN
R/V	R/V	LG	LC	MT
LC	LC	LC	LG	LG
CS	IN	CN	CS	CN

EP3º				
L	M	ME	X	V
LG	IN	LC	IN	CS
R/V	MT	MÚ	MT	EF
CN	LC	LG	CN	LG
CS	PL	MT	LC	MT
EF	LG	IN	CS	LC

EP4º				
L	M	ME	X	V
LG	LC	MT	MT	MT
MT	IN	LC	LC	LG
IN	MT	LC	IN	EF
CN	LG	LG	CN	PL
R/V	EF	CS	MÚ	CS

EP5º				
L	M	ME	X	V
IN	EF	CS	EF	IN
LG	MT	CN	R/V	LG
LC	IN	MT	MT	LC
CS	CN	MÚ	LG	MT
MT	LG	LC	LC	PL

EP6º				
L	M	ME	X	V
MT	LC	LC	MT	MT
IN	R/V	IN	LG	LG
LG	MT	MT	EF	PL
EF	CN	CS	LC	CS
CS	FR	MÚ	CN	IN

Horario non lectivo do profesorado

O profesorado permanecerá no centro os martes de 16 a 18 horas. As outras tres horas semanais de permanencia no centro, de computo mensual pola dirección do centro, dedicaranse as actividades relacionadas no Art. 6 da Orde de 23 e xuño de 2011 (DOG do 30 de xuño), especialmente a sesións de avaliación, participación en reunións de órganos colexiados e de coordinación didáctica, reunións para a elaboración ou modificación de documentos e actividades de formación do profesorado que teñan lugar no centro educativo.

Avaliacións

- Avaliación inicial: 18 de outubro.
- 1ª avaliación: 19 e 20 decembro.
Entrega de notas: 21 de decembro.
- 2ª avaliación: 20 e 21 de marzo.
Entrega de notas: 24 de marzo.
- 3ª avaliación: 19 e 20 de xuño.
Entrega de notas: 23 de xuño.

Xornadas relevantes

Magosto → 28/10. Nadal → 21/12. Entroido → 24/2. Semana de teatro → do 3 ao 7 de abril. Fin de curso → 23/6.

Proposta de días non lectivos

16/9, 2/11

Instalacións do centro

O Concello de Oroso, a ANPA Carboeiro e o Club de Béisbol utilizarán as instalacións do centro para a realización de varias actividades en horario extraescolar segundo o horario que se inclúe posteriormente.

Horario da biblioteca

Estará aberta nos recreos e será vixiada por profesorado. Poderase utilizar en calquera outro horario acompañados/as polo profesor/a que corresponda. Reservarase unha hora de biblioteca para cada grupo.

Comedor

O Centro ofrece un servizo de comedor de xestión indirecta xestionado polo Concello de Oroso. Durante este curso hai unha capacidade de 75 alumnos/as. Este servizo utilizará as instalacións do centro dende as 14:15 horas ata as 16 horas.

Estrutura organizativa

Equipo directivo

Director_Francisco Ávila Sánchez

Xefe de Estudos_Xosé Antonio Soto Bello

Secretaria_Mª del Carmen Regueiro Sexto

Consello Escolar

Equipo Directivo

Representantes do profesorado:

Francisco Sambade Vara (Comisión de convivencia)

Rosa Mª Raviña Díaz (Comisión económica)

María Moreno Sande

Álvaro Raviña López

Gloria Martínez Vidal

Representantes das familias:

Soledad García Mirás (Comisión Económica)

Eva Cortizo Meijome (Comisión de Convivencia)

Emilio José Rico Quintela

Ana Teresa Vigo González

Representante ANPA Carboiro:

Elsa Castiñeira Lires

Representante administración e servizos:

Fernando Segade Roca

Representante Municipal:

Beatriz Rodeiro Fernández

Claustro

Todo o profesorado.

Aspectos Pedagóxicos

Cadro de organización pedagóxica

Abucide Castelao, Lucía	4º EI (ECO)
Alejandro Caneda, Teresa	2º EP (ECO)
Ávila Sánchez, Francisco	5º EP Dirección
Castro Blanco, Eva	3º EP (TIC)
Ferradas Cancelas, Mª Jesús	Inglés (Plu)
Girón Martínez, María Antonia	Música/Plástica (ENL)
Iglesias Souto, Alicia	AL (TIC)
Marcos Echevarría, María Aránzazu	Relixión (Bib)
Martínez Vidal, Gloria	PT (Act. Comp.)
Moreno Sande, María	4º EP (Bib)
Raviña Díaz, Rosa María	5º B EI (ENL)
Raviña López, Álvaro	EF (DEP)
Regueiro Sexto, María del Carmen	6º EI Secretaría
Sambade Vara, Francisco	5º A EI (FOR)
Sánchez Quintáns, Iria Belén	Apoio EI (Bib)
Soto Bello, Xosé Antonio	6º EP Xefatura
Soutullo Couto, Manuel	Orientación
Varela Landeira, María Isabel	1º EP Francés (Plu)

Plan de actuación dos órganos colexiados

O Consello Escolar e o Claustro do Profesorado reuniranse de maneira ordinaria alomenos, unha vez por trimestre, especialmente ao principio e ao final de curso; e de maneira extraordinaria tantas veces sexa necesario. Buscaremos nestas sesións combinar a axilidade na toma de decisións e a participación de todos/as dentro das súas responsabilidades. Deste xeito procurárase que a información necesaria estea a disposición dos membros destes órganos co maior tempo de antelación posible.

Plan de actuación do equipo directivo

De todos xeitos actuará de maneira coordinada coa intención de impulsar o cumprimento dos obxectivos propostos e o bo funcionamento do centro.

Quendas de vixilancia dos recreos

Segundo o número e características do noso alumnado, necesítase para a vixilancia dos patios a participación de sete mestres/as que serán organizados por quendas por parte do xefe de estudos, de tal xeito que o alumnado estea correctamente atendido. Para isto, dispórase dos patios exteriores e interiores e da biblioteca do centro.

Programa e calendario de reunións dos órganos de coordinación docente

Reuniranse de maneira ordinaria unha vez ao mes sempre que sexan convocados polo seu coordinador/a, e de maneira extraordinaria sempre que sexa necesario.

No Departamento de Orientación estará integrado, como representante do profesorado, o Xefe de Estudos.

Libros de texto e materiais curriculares

As listaxes de libros de texto achéganse ao final deste documento. Queremos manifestar a nosa preocupación porque nos cursos de terceiro e cuarto de educación primaria se manteñan libros de texto que non son acordes á nova lexislación. Situación que xera un gran malestar en toda a comunidade educativa.

Criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares

O centro considera que o seu uso pode fomentar a responsabilidade e a autonomía do alumnado sempre que:

- Sexan actividades relacionadas co desenvolvemento das competencias clave e que sirvan para adaptarse aos distintos ritmos e procesos de aprendizaxe.
- Sexan axeitadas a cada nivel educativo e a idade dos nenos/as.
- Permitan a adecuada conciliación familiar.

Plans Específicos

Concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade

Este Departamento de Orientación está situado no CEIPP do Camiño Inglés, que é un centro completo, con 10 unidades.

O **CEIP de Oroso** comezou o seu funcionamento no curso 2014/15 por desagregación do CEIP de Sigüeiro. Está situado nun núcleo de poboación de carácter semiurbán, considerando que se atopa no medio rural, nunha localidade de uns 7.400 habitantes (datos de 2014) e con variedade de servizos, a 15 Km. de Santiago. Trátase dunha localidade en expansión, con moita edificación nova, que aumenta de ano en ano, posiblemente pola súa proximidade a áreas de traballo, como poden ser: o Aeroporto, o Polígono do Tambre (a Finsa), a TVG e Ordes.

Nesta poboación, algunhas familias veñen de fóra, o que implica moito alumnado trasladado e/ou procedente do estranxeiro. A meirande parte son parellas novas, con fillos e fillas pequenos, nas que traballan 1 ou 2 dos pais, de situación socioeconómica media.

Cada ano aumentan os núcleos familiares monoparentais, con pais separados, ou con segundas parellas. Tamén cada ano o alumnado que temos no centro con intervención de Servizos Sociais é maior.

2.1.1 O ALUMNADO

Este curso, o número de alumnado é superior ó anterior ó habilitarse unha nova unidade de Educación Infantil, polo que o número total de alumnos/as ascende de 210, dos cales 82 corresponden a Infantil.

2.1.2 O PROFESORADO

Este curso contamos con:

- 4 mestras de Educación Infantil con titoría;

- 1 mestra de Educación Infantil de apoio;
- 6 mestres/as de Educación Primaria;
- 1 mestre de Educación Física;
- 1 mestra de Educación Musical;
- 1 mestra de Lingua Inglesa;
- 1 mestra de Relixión Católica en itinerancia;
- 1 mestra especialista en Pedagogía Terapéutica;
- 1 mestra especialista en Audición e Linguaxe;
- 1 Orientador (compartido co CEIP de Sigüeiro e co CRA de Oroso).

2.1.3 CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

Constitúen o Departamento de Orientación os seguintes membros:

- Gloria Martínez Vidal (Especialista en Pedagogía Terapéutica);
- Alicia Iglesias Souto (Especialista en Audición e Linguaxe);
- Xosé Soto Bello (Xefe de Estudos).
- Manuel Soutullo Couto (Xefe Dpto.).

Acordouse, polas necesidades organizativas do centro, establecer a hora de reunión, ás 13:25, os primeiros mércores de mes, previa convocatoria segundo as necesidades. Os outros mércores, faranse reunións de coordinación PT-AL-Orientador.

2.2 ORIENTACIÓN COMPARTIDA:

O orientador ten o seu centro base no CEIP de Sigüeiro e exerce a xefatura dos Departamentos de Orientación de cada un dos tres centros do municipio, repartindo horario e recursos proporcionalmente ao número de unidades e necesidades, e organizando o seu traballo para prestar a debida atención a cada un dos centros asignados. Actualmente, o horario é o seguinte:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
CEIP Sigüeiro	CEIP Sigüeiro	CEIPP do Camiño Inglés	CRA de Oroso	CEIP Sigüeiro
	CEIPP do Camiño Inglés 12:30h–14:15h			

2.3. NECESIDADES-POSIBILIDADES DA ORIENTACIÓN:

Coa análise dos datos aportados vemos que nos atopamos fronte a :

Unha localidade en expansión, con moita edificación nova, que aumenta de ano en ano;

Unha mestura de poboación formada polos descendentes da xente “de sempre” e familias xoves que buscan unha vivenda económica, con un aumento de presenza de emigrantes (tanto de estranxeiros como de outras comunidades autónomas);

Familias cunha crecente preocupación pola formación dos seus fillos que

precisa e demanda, cada vez máis, asesoramento e apoio;

Un alumnado que require unha atención singular e global que dea resposta ás súas necesidades;

Profesorado de mediana idade, maioritariamente estable e con residencia na cidade, que precisa asesoramento e apoio para facer fronte aos novos retos que o ensino demanda e está aberto ás iniciativas e á colaboración co Departamento de Orientación .

É por iso polo que é necesario un servizo de orientación que contemple unha intervención nos ámbitos do alumnado, do profesorado e das familias, no marco das actuacións que se establecen desde a propia Administración Educativa, pero partindo da realidade e dos condicionantes da zona e do propio centro educativo.

Partindo destas premisas e coa pretensión de ser realistas, eficaces e funcionais, formularemos os obxectivos deste Plan de Orientación, que se explicitan no seguinte apartado.

3. OBXECTIVOS

Se ben o Plan de Orientación é un documento aberto que se transforma e evoluciona ao tempo que o fai a escola e a comunidade educativa, nace coa pretensión de ofrecer un marco estable que guíe a acción orientadora do centro. De aí que os obxectivos formulados enmarcarán unha proposta de traballo a medio-longo prazo que se irá enriquecendo anualmente con distintas aportacións, pero sen perder esa función de eixo vertebrador firme que a labor orientadora precisa. Faise necesaria entón, unha reflexión e toma de decisións coherente e axustada tendo en conta:

O papel relevante e a importancia que da á función orientadora no sistema educativo a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa.

As funcións e os ámbitos de actuación do Departamento de Orientación e da xefatura do departamento determinadas no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 27/04/98). Corrección de erros, (DOG 14/05/98) e a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

(DOG 31/07/98).

A análise das necesidades, características e recursos da realidade do noso centro e o seu contorno.

Os valores, obxectivos e prioridades de actuación e as decisións e opcións da comunidade educativa referidas ao ámbito pedagóxico, académico e educativo explicitadas no PEC

Os criterios fixados polo Claustro de profesores e as directrices da CCP.

O que nos leva a determinar que os obxectivos que deben guiar a acción deste Departamento de Orientación son:

3.1 XERAIS:

3.1.1. Participar na elaboración, seguimento e avaliación do PEC, incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención á diversidade do conxunto do alumnado e asesorando nas decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais, avaliación, recuperación, criterios de promoción, etc.

3.1.2. Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade que optimicen a atención educativa proporcionada ao alumnado.

- 3.1.3. Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.
- 3.1.4. Apoiar a convivencia no centro a través da acción tutorial e coa implicación de toda a comunidade educativa.
- 3.1.5. Promover a comunicación, colaboración e coordinación coas familias, potenciando a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos e na vida do centro.
- 3.1.6. Establecer canles de comunicación e coordinar actuacións cos diferentes servizos e institucións.
- 3.1.7. Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para favorecer o desenvolvemento persoal, social e cognitivo dos alumnos e axudarlles a afrontar adecuadamente os momentos escolares decisivos ou de maior dificultade.
- 3.1.8. Asesorar e apoiar ao conxunto da comunidade educativa e aos órganos de goberno do colexio en particular, para impulsar o desenvolvemento do centro educativo en todos os ámbitos.
- 3.1.9. Proporcionar apoio psicopedagóxico ao alumnado, podendo deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

3.2. ESPECÍFICOS:

A) Con relación aos alumnos:

👉 Desenvolvemento persoal e social

- 3.2.1. Favorecer e orientar a adaptación do alumnado ao contexto escolar e a integración no grupo clase.
- 3.2.2. Axudar a tomar conciencia dos propios sentimentos e emocións, desenrolando habilidades de control e autorregulación dos mesmos e logrando un desenvolvemento emocional axeitado que facilite a integración dos nenos no grupo.
- 3.2.3. Orientar a potenciación do desenvolvemento de hábitos básicos de autonomía persoal e social coa colaboración das familias.
- 3.2.4. Facilitar a inclusión educativa e a integración escolar e social do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- 3.2.5. Axudar a desenvolver no alumnado un adecuado coñecemento e valoración de si mesmo, facilitando a progresiva toma de conciencia sobre as súas propias capacidades, posibilidades e intereses.

👉 Atención á diversidade e apoio aos procesos de ensinanza e aprendizaxe

- 3.2.6. Asesorar no desenvolvemento de estratexias e elaboración de instrumentos para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares dos alumnos.
- 3.2.7. Contribuír a mellorar a atención educativa proporcionada ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- 3.2.8. Asesorar na elaboración de rexistros de observación-avaliación sistemáticos que fosen necesarios.
- 3.2.9. Axudar a reforzar a equidade na educación, mellorando a inclusión e a calidade da resposta educativa proporcionada ao alumnado en situación de desvantaxe.
- 3.2.10. Promover a busca de estratexias que favorezan a adquisición de aprendizaxes instrumentais, competencias básicas, estratexias de aprendizaxe e técnicas de traballo intelectual.
- 3.2.11. Potenciar e asesorar na posta en marcha, seguimento e avaliación de adaptacións curriculares, medidas de reforzo educativo e calquera actuación destinada á mellora da aprendizaxe.

3.2.12. Impulsar a eliminación dos obstáculos físicos, organizativos ou curriculares que dificulten a acollida, a adaptación escolar e o desenvolvemento educativo do conxunto do alumnado con necesidade específica de apoio educativo: alumnado con necesidades educativas especiais, inmigrantes, alumnado con dificultades de aprendizaxe, alumnado afectado por enfermidades que dificultan o seu proceso educativo, etc.

Orientación académica

3.2.13. Potenciar a adquisición de competencias relevantes no ámbito educativo tales como a responsabilidade, a perseveranza, a toma de decisións, o traballo en equipo, a experimentación e a creatividade.

Convivencia

3.2.14. Contribuír á socialización do alumnado promovendo unha formación en valores conectada coa realidade social e comprometida con principios universais propios dunha sociedade democrática: cooperación, convivencia, respecto e solidariedade, etc, concibindo o diálogo como ferramenta fundamental para a resolución pacífica de conflitos.

3.2.15. Potenciar a posta en marcha de medidas preventivas para mellorar o clima de traballo e convivencia.

3.2.16. Impulsar actividades destinadas a adquirir as habilidades sociais necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas, cooperar e traballar en equipo.

Transición e coordinación entre etapas educativas

3.2.17. Orientar adecuadamente o proceso de acollida ao alumnado de novo ingreso no centro, prestando singular atención ao inicio da Educación Infantil e ao alumnado inmigrante.

3.2.18. Apoiar o proceso de transición entre etapas educativas, poñendo en marcha as medidas organizativas e curriculares necesarias para facilitar dito proceso.

B) Con relación ás familias:

3.2.19. Asesorar ás familias para afrontar as dificultades que se presenten na educación dos seus fillos.

3.2.20. Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan a asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desventaxa socioeducativa, pola súa condición de emigrante, por pertencer a minorías étnicas ou por estar a vivir situacións complexas ou problemáticas.

3.2.21. Asesorar e colaborar na procura de axudas e asistencia para alumnos con necesidades educativas de apoio educativo.

3.2.22. Fomentar a participación, colaboración e formación das familias a través de charlas, coloquios, conferencias... que aporten información para a mellor educación dos fillos e fillas.

C) Con relación ao profesorado:

3.2.23 Asesorar na elaboración dos documentos do PEC.

3.2.24 Proporcionar información acerca da normativa de desenvolvemento da LOMCE e da relacionada co proceso educativo, a institución escolar e, en xeral, co seu ámbito de traballo.

3.2.25. Apoiar e asesorar no desenvolvemento das accións derivadas do desenvolvemento da LOMCE: Avaliación de 3º e 6º de E.P.

- 3.2.26 Apoiar e asesorar no desenvolvemento da acción educativa e das actuacións que forman parte do desempeño da función docente: programación, avaliación, etc.
- 3.2.27 Recabar a colaboración do profesorado nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización da atención á diversidade do alumnado.
- 3.2.28 Asesorar no deseño, implementación e avaliación dos distintos plans e/ou programas que se elaboren.
- 3.2.29 Promover a coordinación, o traballo compartido e a innovación educativa.
- 3.2.30 Asesorar na elaboración, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
- 3.2.31 Colaborar no deseño dos distintos documentos que forman parte do expediente do alumno: informe fin de ciclo/curso, informe fin de etapa, etc.

D) Con relación a outras institucións e órganos externos:

- 3.2.23. Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de Orientación Específico, Departamento de Orientación do IES e Departamentos de Orientación doutros centros de EP.
- 3.2.24. Coordinar actuacións cos servizos e axentes externos: Saúde, Servizos Sociais, Concello, etc, aproveitando os recursos socioeducativos que estas institucións poidan ofrecer.
- 3.2.25. Partindo da base de que é necesario manter unha coordinación cos servizos externos ós que acode o alumnado (SAT, Down Compostela, ASPANAES, Gaia, Talento, etc.), é importante ter en conta que dita coordinación debe restrinxirse á información (sempre confidencial) relativa á evolución, obxectivos, contidos e metodoloxía a traballar, que redunde en beneficio do alumnado, e sempre canalizando esta información prioritariamente a través dos tutores/as. Pola contra, a avaliación e promoción do alumnado é unha función que compete en exclusiva ó profesorado, da que só se debe dar conta ás familias.

4. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

A determinación de liñas prioritarias de actuación é un paso necesario nunha planificación de accións realista e efectiva.

En coherencia coas finalidades da orientación reguladas pola normativa e, tras a análise das necesidades da nosa comunidade educativa, fixamos os obxectivos xerais e específicos que van guiar a acción orientadora no noso centro.

Cumpre neste momento a análise da Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, que define as liñas prioritarias de actuación que deben ser tamén referente da nosa acción orientadora, no sentido de establecer ámbitos de actuación preferente dentro das accións que o departamento ten determinadas.

Estes ámbitos preferentes e as características e necesidades do noso centro, son os criterios que guían o establecemento das accións prioritarias para o curso.

O desenvolvemento de algunha delas precisará da continuidade do seu tratamento ao longo de varios anos e, ao ter que responder de xeito prioritario fundamentalmente ás demandas de atención ás necesidades específicas de apoio educativo que puideran presentarse ao longo do curso, é posible tamén que haxa que pospoñer o desenvolvemento de outras a vindeiros cursos.

Moitas desas accións prioritarias aparecen recollidas nos respectivos subplans que conforman este PO. De todos xeitos, podemos destacar as seguintes:

- 4.1.1. Asesorar na actualización e elaboración dos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro.
- 4.1.2. Asesorar nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, programación de curso e/ou ciclo, medidas de RE e ACS e promover a reflexión sobre os procesos que os integran: avaliación, recuperación, criterios que deben considerarse á hora de adoptar a decisión de permanecer un ano máis nun determinado ciclo e/ou etapa, etc.
- 4.1.3. Asesorar na elaboración de documentos adaptados á normativa de desenvolvemento da LOMCE para a nosa Comunidade.
- 4.1.4. Colaborar no deseño de actuacións titoriais para o profesorado do segundo ciclo de educación infantil.
- 4.1.5. Colaborar no deseño de actuacións titoriais para o profesorado de cada un dos seis niveis de educación primaria.
- 4.1.6. Colaborar no deseño de actuacións que teñan como obxecto a promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- 4.1.7. Asesorar na revisión do Programa de preparación para a ESO, incluíndo as modificación que derivan da nova normativa.
- 4.1.8. Plantexar propostas para mellorar os canles de coordinación co orientador do centro de secundaria e facilitar o tránsito do alumnado entre estas etapas educativas.
- 4.1.9. Realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado en función das súas necesidades.
- 4.1.10. Asesorar á Comunidade Educativa en relación as actuacións relacionadas co axuste, mellora e desenvolvemento xeral dos diferentes aspectos do proceso educativo.
- 4.1.11. Asesorar e informar acerca das normas de desenvolvemento da LOMCE e procesos e accións educativas que derivan destas.
- 4.1.12. Promover a coordinación entre os distintos servizos que interveñen cun mesmo alumno.
- 4.1.13. Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe, se se dan as circunstancias.
- 4.1.14. Asesorar á comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención ao alumnado con NEAE.
- 4.1.15. Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno, con intervencións inclusivas orientadas polo seu potencial de aprendizaxe.

5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Sendo o centro escolar un sistema formado por distintos elementos que deben organizarse e colaborar en aras de proporcionar resposta ás necesidades da comunidade educativa, e que ten como fin último articular unha acción formativa eficaz e de calidade, a función orientadora debe incidir en e desde o conxunto da organización escolar, como parte da mesma que é, utilizando todos os seus recursos e enmarcada na acción global do centro.

Pero para dirixir as accións e conseguir os obxectivos plantexados é necesario considerar unhas estratexias xerais de intervención, que enmarcan e complementan as propias das intervencións concretas que se articulan arredor dos subplans:

A relación de asesoramento, apoio, colaboración e coordinación permanente co equipo directivo, fundamentalmente coa xefatura de estudos.

A importancia da participación activa dos mestres no equipo, como xeradores de iniciativas e pola implicación que se precisa para desenvolver de maneira real e efectiva as accións planificadas no Departamento.

A importancia dos coordinadores/as e titores/as, coa función de aunar e ordenar medios e esforzos para unha acción común eficaz.

As especialistas en PT e AL: ninguén mellor para colaborar na necesaria sensibilización, impulso, mediación, concienciación,... e na coordinación de accións para optimizar a atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo.

O impulso do orientador coa presentación de iniciativas, propostas, proxectos,..., que sirvan de punto de partida da reflexión e acción conxuntas en tódolos ámbitos da acción educativa.

O establecemento dunha relación titorial permanente co alumnado e coas familias. As intervencións realizadas desde este departamento, tanto as individuais (correspondentes ó orientador), como as grupais (correspondentes a todo o departamento), terán como principal finalidade **asesorar** ó profesorado naquelas actuacións que incidan na mellora da calidade educativa.

O principal modelo de intervención é o modelo **colaborativo**, que parte dunha intervención non individualista, senón que está aberta á cooperación dos distintos profesionais que interveñen na actividade educativa, e implicando as familias, favorecendo unha intervención contextualizada e consensuada.

Sempre que sexa posible, abordaremos conxuntamente o deseño dos programas de intervención do alumnado con NEAE, mediante reunións puntuais co equipo docente e cos/as especialistas en PT e AL, para elaborar programas de intervención e coordinar a atención do alumno/a.

Realizaranse as reunións co profesorado e organismos implicados para coordinar:

- Alumnado con escolarización combinada (CEE Manuel López Navalón).
- Reunións de orientadores dos CRAs.
- Reunións co orientador/a do IES adscrito.
- Reunións co profesorado do programa CONTRATO-PROGRAMA (en caso de ser concedido).
- Entrevistas con profesionais que interveñen educativamente co alumnado do centro (Atención Temperá da Mancomunidade de Ordes e Santiago, Psicóloga da Mancomunidade, Psicólogos privados, Facultade de psicoloxía da USC, logopedas, Servizos Sociais do Concello, etc).
- Coordinar a intervención educativa, tendo en conta as información doutros profesionais: pediatra, traballadora social, unidade de saúde mental do hospital, educadora familiar, ...
- Achegar ó profesorado informacións para posibilitar a participación en programas educativos.
- Entrevistas individuais coas familias.
- Entrevistas co profesorado (especialmente profesorado titor e especialistas PT/AL).

Plan Anual de Lectura

1. Fundamentación
2. Obxectivos
3. Organización de espazos e tempos para a lectura.
4. Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar no centro.
5. Seccións (bibliotecas de aula ou departamento).
6. Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas:
 - 6.1. Actividades na Hora de ler
 - 6.2. Actividades de lectura compartida
7. Recursos humanos que interveñen nas actividades de fomento da lectura.

8. Itinerarios lectores.
9. Actividades programadas e temporizadas:
 - 9.1. Proxectos documentais integrados.
 - 9.2. Programas de formación de usuarias/os.
 - 9.3. Actividades puntuais: obradoiros, exposicións, concursos, encontros con autores, celebracións (Día da Biblioteca Escolar, Día do Libro, Día da Paz, 8 de Marzo, Semana da prensa, Día das Letras Galegas, ...)
10. Recursos e materiais
11. Ler en familia. Actividades para a implicación das familias.
12. Seguimento e avaliación.

1.- FUNDAMENTACIÓN

O Proxecto Lector será a referencia para a elaboración do Plan Anual de Lectura (PAL), un documento a curto prazo, que concreta obxectivos e accións para o desenvolvemento do PLC nun curso escolar concreto, e que estará incluído na Programación Xeral Anual do centro

Nós partimos da idea xeral de que **a lectura é un instrumento fundamental na formación integral da persoa**. A través dela, o individuo é capaz de desenvolver as súas potencialidades cognitivas, afectivas, sociais, morais, emocionais e creativas que lle axudarán a desenvolverse globalmente para ser máis libre e mellor, así como para prepararse para a vida. Na busca dese camiño de conformación persoal o neno/a non debe estar só, pois esa labor compete ás familias, aos educadores e á sociedade en xeral, posto que canto mellor formados estean os individuos, mellores e máis ceibes serán as sociedades que eles constitúan. á súa vez, unha boa comprensión lectora constitúe un factor clave para conducir ao alumnado ao éxito escolar, así como o fomento de actitudes positivas entorno á lectura.

O presente Plan anual de lectura pretende conseguir que o alumnado adquira as competencias lingüísticas necesarias para o seu desenvolvemento integral, fomentando o hábito lector desde todas as áreas e niveis de Educación Infantil e Primaria e posibilitando a igualdade educativa.

Utilizaremos como base fundamental os proxectos nos que está inmerso o centro, dende o plurilingüismo que nos caracteriza este ano por primeira vez.

2.- OBXECTIVOS

- Desenvolver as competencias lectoras.
- Favorecer o gusto pola lectura como alternativa de ocio.
- Dinamizar as bibliotecas de aula e do centro a través de actividades atraentes para toda a comunidade escolar.
- Establecer un programa de formación de usuarios de bibliotecas para que aprendan a desenvolverse autonomamente na busca de información e lecturas.
- Estimular o interese pola lectura.
- Diseñar e levar a cabo diferentes actividades relacionadas coa lectura e a escritura.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- Adquirir hábitos de respecto e coidado dos recursos bibliográficos.
- Fomentar e crear o hábito lector.
- Contribuír a garantir o uso igualitario dos recursos culturais.

- Desenvolver a imaxinación e a creatividade.
- Acadar lectores competentes en todo tipo de textos (literarios, publicitarios, gráficos...) en soporte impreso ou dixital, con todo tipo de finalidades.

3.- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA.

A Biblioteca dispón dun horario, compartido coa aula de “informática”, onde están sinalados os tempos e sesións en que cada titoría pode utilizar dito servizo (tanto de préstamo e devolución como para de realización de diversas actividades). Cada titoría dispón de dúas horas semanais fixas e a área de francés tamén, compartido o horario con outras especialidades. Ademais permanecerá aberta e activa en todo o horario de recreo sendo atendido o seu servizo polos colaboradores e colaboradoras e o profesorado de garda de recreo, pertencentes ao equipo de biblioteca. Ademais este ano a hora de ler se oferta para que os nenos e nenas poidan ir a escoller libros estando unha persoa do equipo presente.

4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.

No presente curso continuaremos coa posta en marcha da biblioteca do centro iniciada no 2014-2015: adquisición de fondos bibliográficos e audiovisuais, catalogación dos mesmos mediante o programa Meiga, facilitado pola Xunta de Galicia, e amoblamento do espazo físico da biblioteca.

5.- SECCIÓN (BIBLIOTECAS DE AULA OU DEPARTAMENTO).

As bibliotecas de aulas canalizan e comparten moitos propósitos da biblioteca escolar: elas son unha ferramenta perfecta para apoiar os obxectivos curriculares e un espazo dende o que se motiva, invita e se propoñen actividades relacionadas coa lectura, a escritura e a expresión oral.

A biblioteca de aula é o espazo lector máis próximo e cotián no escenario do ensino e a aprendizaxe escolar. O seu uso é diario para consultas puntuais, busca de información, lecturas persoais e lectura grupal. A proximidade dos recursos da lectura cubren as necesidades de información, complementan e amplían a curiosidade dos alumnos sobre os temas de estudo, alentan o hábito lector e ademais achegan a posibilidade de innovación nas metodoloxías do mestre.

Os materiais que podemos ter na biblioteca serán:

- Libros de referencia (dicionarios, enciclopedias, atlas...)
- Libros informativos de diferentes materias.
- Outros libros de texto.
- Libros de ficción.
- Xornais e revistas.
- Fotografías, láminas de imaxes,...
- Libros feitos polos alumnos.
- Material audiovisual (CD, DVD)

A biblioteca de aula dispón de recursos para o fomento da lectura e a escritura pero non só para traballar dende as áreas das Linguas, senón que será responsabilidade de todos os mestres/as dese grupo de alumnos/as, o desenvolvemento dos obxectivos propostos dende o Plan Anual de Lectura do Centro.

Dende e coa biblioteca de aula traballaremos:

- Familiaridade cos libros.
- Hábitos de coidado e manexo dos libros.
- Manexo doutros soportes de lectura audiovisuais e informáticos.
- A motivación da lectura diaria na aula. En voz alta ou silenciosa.
- A lectura social con estratexias de expresión oral como presentacións, debates, exposicións, libro-fórum...
- O uso doutros libros informativos para ampliar información e elaborar traballos de documentación en torno a un tema, de xeito individual ou en equipo.
- Elaborar diarios de lecturas, recomendacións, guías...
- Produción de elementos motivadores como marcapáxinas, exlibris, carteis...
- Produción de textos e libros persoais sobre temas documentais ou escritura creativa.
- Participación na prensa escolar e outras actividades culturais do Centro.

6.- RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS:

Partimos da dedicación dun tempo diario á lectura comprensiva e/ou aos hábitos lectores, empregando unha metodoloxía activa, participativa e interdisciplinar, con actividades individuais e colectivas na que cada nivel conta coas estratexias de animación á lectura axeitadas. Coa participación de toda a comunidade educativa. Con estratexias de fomento da lectura, de uso da biblioteca, de atención á diversidade, de implicación das familias, etc.

6.1.- ACTIVIDADES NA HORA DE LER

O Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de xullo de 2007) no seu anexo IV, referente ao "Proxecto Lector" recóllese o seguinte:

"O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura."

Tendo en conta isto, e desenvolvendo o Proxecto Lector do Centro establécese un tempo diario de lectura para todo o alumnado. Esta actividade consistirá nunha sesión diaria mínima de 20 minutos dedicada a actividades relacionadas co fomento da lectura.

Neste curso das 12'15 ás 12'35 de luns a venres.

Con esta proposta non se pretende impor nin o tipo de documento que vai utilizar, xa que poden decidilo tanto o profesorado como o propio alumnado, nin o xénero, pode ser de ficción ou formar parte do currículo da materia en cuestión, pode ser o mesmo para todo o grupo ou individualizado, e a lectura pode ser en grupo ou de forma persoal, en voz alta ou silenciosa e o profesorado decidirá que tipo de actividades, se o desexa, quere e pode facer en torno á lectura.

A intención desta proposta é que todo o alumnado destine nun horario prefixado, cando menos, 20 minutos de lectura ao día.

Neste curso 2016-2017 a biblioteca estará aberta con atención directa da responsable da mesma para facilitar o empréstamo e facer aquelas actividades que se precisen neses momentos.

6.2.- ACTIVIDADES DE LECTURA COMPARTIDA

Tentaremos poñer en marcha no presente curso o *Apadriñamento de Lectores* que consiste en que un rapaz ou unha rapaza acompaña na lectura a outro ou outra de menor idade, léndolle, contándolle ou xestionando a lectura conxunta dun libro, nun tempo e nun lugar específico organizado pola biblioteca: no patio, na aula, na biblioteca; no recreo, nunha festa especial polo día do Libro ou nun tempo marcado no horario semanal. Tamén poden os pequenos lectores lerlles aos grandes, o que engadirá unha motivación extra ao feito da lectura.

Ademais se potenciará a comunicación intercentros da localidade (Gardería, CEIP de Sigüeiro e IES de Oroso), propoñendo actividades conxuntas de lectura.

7.- RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA.

Este curso 2016-2017 contamos cun Equipo de Biblioteca constituído polas seguintes persoas:

- Arancha Marcos Echevarría
- Iria Belén Sánchez Quintáns
- María Moreno Sande (coordinadora)

As súas funcións son as seguintes:

- Organización.
- Elaboración do Plan anual/Memoria.
- Elaboración de materiais: carnés, boletíns informativos, exposicións, ...
- Formación de usuarios
- Reunións periódicas e toma de decisións a respecto da Biblioteca Escolar.
- Deseño de actividades de uso, dinamización e animación.
- Peticións de materiais e recursos.
- Publicación e divulgación de experiencias e actividades.

Algunhas das funcións específicas do coordinador do equipo son:

- Analizar a situación e necesidades da Biblioteca.
- Xestionar os recursos materiais e humanos.
- Comunicar e facer circular a información.
- Participar na capacitación do alumnado no uso das fontes de información.
- Ofrecer recursos e oportunidades para a aprendizaxe.
- Promover a lectura como medio de ocio e entretemento.

PROFESORADO.

- Recibe información das actividades programadas. Colabora con elas.
- Dispón dunha ou varias sesións semanais de uso.
- Propón a adquisición de recursos.
- Formaliza préstamos.

Todos os membros da comunidade educativa están implicados neste Plan Anual de Lectura, sendo os titores e titoras os que guían ao alumnado na consecución dos obxectivos propostos.

ALUMNADO.

- Dispón do servizo de préstamo e de lectura en sala.
- Colabora en actividades de animación á lectura.
- Utiliza os diversos recursos da Biblioteca.

- Participa en labores de organización e xestión a través dos equipos de colaboradores.

Existirá neste curso alumnado colaborador na xestión, organización e outras funcións asignadas da biblioteca escolar. Preferentemente formará parte deste grupo o alumnado de 5º e 6º de Ed. Primaria.

NAIS/PAIS.

- Reciben información e recomendacións da Biblioteca e de lecturas a través de boletíns, blog da biblioteca, ...
- Colaborarán en actividades puntuais de animación á lectura: lectura de contos, dramatizacións, ...
- Participan activamente en clubs de lectura en familia.

CONSELLO ESCOLAR

- No seo do Consello Escolar está constituída a comisión de Biblioteca, da cal forman parte o coordinador da biblioteca, o representante do Concello de Oroso e unha nai en representación da ANPA.

8.- ITINERARIOS LECTORES.

Tentaremos deseñar neste curso uns itinerarios lectores para o noso alumnado, consistirá nunha selección de libros, propostos polo equipo de biblioteca e aprobados polo resto do profesorado. Estes libros serán escollidos pola súa especial relevancia adecuación e prestixio, a selección incluírá obras de narrativa, poesía e teatro. Deberá conter libros escritos en lingua galega, castelá e inglesa.

9.- ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS:

Entre estas actividades realizaremos as que se poidan en función dos recursos dispoñibles:

- **Decoración** da biblioteca escolar con motivos suxerentes para os nenos /as.
- Colocación dun **panel para informacións múltiples** que se poidan comunicar aos usuarios, do tipo de horarios da biblioteca do centro, concursos que se celebren dende a biblioteca escolar, convocatorias de certames literarios aos que esta comunidade poida acceder, traballos novos que cheguen á biblioteca...
- Proporcionar **información sobre cómo consultar os recursos** e como conseguir extraelos dos estantes bibliotecarios.
- Convocar un concurso entre os alumnos para elixir **unha mascota** que represente a nosa biblioteca escolar.
- Poñer un **expositor** para mostrar os recursos que se acaban de adquirir.
- **Organizar certames literarios** con temas propostos ou libres para favorecer a expresión escrita do alumnado.
- **Fomentar actividades** de contacontos, dramatizacións,... dos alumnos, das familias, ... para o resto da comunidade escolar.
- **Presentación dos libros recién chegados.**
- **Recibir aos autores** que nos poidan proporcionar as editoriais.
- Seleccionar **coleccións de libros cun tema concreto**, relacionados con algunha das unidades didácticas nas que se estea traballando e prestalos ás aulas que o soliciten.
- Nos acolleremos ás **actividades propostas por outras bibliotecas** e institucións, se nos parecen axeitadas.
- Realizaremos o **mantemento do catálogo de libros**, dos lectores e do resto de recursos a través do programa informático para a xestión das bibliotecas escolares.
- Elaboración e difusión de **guías de lectura** con variedade de criterios: pedagóxicos, literarios,...
- Promoveremos a circulación de **lotes prestados periodicamente ás aulas.**

- Utilizaremos **os recursos informáticos e internet** para a consecución de información.
- Realizar **préstamos a alumnos** con criterios adecuados aos alumnos concretos, orientando a quen o solicite, pero deixando liberdade de elección.
- Poñer en marcha a **mochila viaxeira** na que se fará unha selección axeitada e variada que permita chegar ás familias lecturas e materiais diversos para compartir cos/as neno/as.

Campos	Todo o curso	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
Xestión técnica e organización				
	Cada trimestre avaliar o funcionamento na CCP. Adquirir fondos. Catalogación.	Marcar as pautas de funcionamento do Equipo de Biblioteca. Incluir o Plan Anual na Programación Xeral Anual. Organizar o horario da biblioteca.	Recollida de información para a suxestión de selección de material para mercar.	Facer a memoria.
Dinamización				
Formación de usuarios	Información na axenda escolar e na web do centro. Colaboradores e colaboradoras de biblioteca.	Visita inicial á Biblioteca a principio de curso. Formación inicial de colaboradores e colaboradoras de biblioteca.	Explicación por parte da biblioteca do uso e localización dos diferentes fondos documentais a aqueles que o precisen.	
Educación para o acceso á información	Coordinadas polo responsable TIC do centro.	Divulgación das normas de uso dos ordenadores.	Coordinación destes coñecementos nos currículos das distintas materias.	
Fomento da lectura	Animación con contacontos. Talleres. Visionado DVD nas horas do recreo (un cada mes). Mochila viaxeira.	Concurso de relatos de terror (antes do 28 de outubro).	Actividades para o mes do libro: Apadriñamento. Quedada literaria.	Concurso de poesía e ilustración.
Apoio ao desenvolvemento do Proxecto Lector	Procurar material necesario para que o alumnado poida participar na "Hora de Ler". Asesoramento ao profesorado sobre itinerarios lectores.			
Outras actividades de dinamización.		Boletín de Nadal		Boletín de verán

9.1.- PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS.

Os proxectos documentais integrados (PDI) son actividades nas que o alumnado, ademais de investigar sobre un tema ou problema concreto, familiarízase cos mecanismos de

búsqueda de información e traballo intelectual empregando para iso os recursos documentais da Biblioteca Escolar.

Os proxectos documentais integrados son un excelente instrumento para xerar e estimular novas formas de aprender, acordos coa sociedade da información. Son unha forma de traballo que permite transformar a información en coñecemento e coa que a biblioteca escolar se converte no eixe da acción educativa. Son unha forma de traballo que permite transformar a información en coñecemento e coa que a biblioteca escolar se converte no eixo da acción educativa.

Estableceremos neste curso, un ou varios centros de interese arredor dos cales se desenvolvan os Proxectos Documentais Integrados.

9.2.- PROGRAMAS DE FORMACIÓN DE USUARIOS.

Ao tratarse dunha biblioteca cunha traxectoria curta, é unha tarefa fundamental a formación de usuarios e usuarias, ao longo do curso realizaranse diversas actividades destinadas a acadar por parte dos nosos usuarios, fundamentalmente alumnado e profesorado, un completo aproveitamento dos nosos fondos e servizos. O equipo de biblioteca publicará as oportunas guías ou cartaces, así como se encargará do deseño de actividades de formación.

Nos primeiros días todos os grupos do centro pasarán pola biblioteca onde obterán información sobre a mesma, incluso con actividades. Isto quedará rexistrado na súa axenda.

9.3.- ACTIVIDADES PUNTUAIS: OBRADOIROS, EXPOSICIÓNS, CONCURSOS, ENCONTROS CON AUTORES, CELEBRACIÓNS (DÍA DA BIBLIOTECA ESCOLAR, DÍA DO LIBRO, DÍA DA PAZ, 8 DE MARZO, SEMANA DA PRENSA, DÍA DAS LETRAS GALEGAS, ...)

Ao longo do curso deseñaranse diferentes actividades na biblioteca, as veces tendo a biblioteca e a literatura como referente, e outras veces como apoio de distintas celebracións, festividades, ...

Co apoio das diferentes editoriais, ao longo do curso agardamos establecer diferentes encontros con autoras/es e ilustradores/as, que nos animarán á lectura e tamén fomentarán a labor literaria dos nosos alumnos e alumnas.

10.- RECURSOS E MATERIAIS

O noso centro ao ser de recente creación, conta cunha Biblioteca escasamente equipada con mobiliario insuficiente e pouco axeitado. Ademais de continuar coa tarefa iniciada o curso pasado (equipamento, adquisición e catalogación) esperamos nun futuro non moi lonxano poder integrar a nosa biblioteca no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia, PLAMBE.

Todas as aulas deben contar con Biblioteca propia que se nutrirá cando sexa posible da Biblioteca do centro.

A maiores do espazo da biblioteca habilitarase na entrada do centro unha zona de lectura relaxada para poder ser utilizada nos recreos e fomentar así a lectura como medio de disfrute e de pasar o tempo de ocio.

11.- LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.

O ámbito familiar é potencialmente o máis idóneo para xerar o gusto pola lectura nos nenos e nenas, xa que canto antes aprendan a gozar do que supón entrar no mundo máxico dos libros, a

aprender a emocionarse con eles, maior será a posibilidade de crear bos lectores ao longo da vida. Ter experiencias gratificantes coa lectura dende pequenos é a maior garantía de crear un bo lector. Se coñecemos as estratexias máis axeitadas para cada idade, teremos máis posibilidades de éxito neste labor. Así, dende moi pequenos, é conveniente converter a lectura nunha rutina diaria, léndolles uns minutos cada día cun contacto persoal directo, deixándolles que agarren ou suxeiten o libro ou mesmo que axuden a pasar as páxinas. A hora de ir para a cama é un momento especialmente apropiado para ler xuntos, xa que relaxa e crea unha extraordinaria complicidade.

A MOCHILA VIAXEIRA: Tentaremos poñer en marcha esta experiencia para a que se fará unha selección axeitada e variada que permita chegar ás familias lecturas e materiais diversos para compartir cos/as nenos/as.

12.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Aspectos a avaliar:

- A participación nas actividades relacionadas coa Biblioteca e a lectura en xeral.
- O uso por parte dos alumnas/as e profesorado.
- A adecuación dos horarios.
- A adecuación dos recursos.
- A comunicación do equipo coas titorías.
- A comunicación coas familias.
- Os hábitos de lectura e o respecto ás normas.

Instrumentos de avaliación.

- Observación, por parte de titores/as, profesores/as e equipo de Biblioteca.
- Fichas e cuestionarios. Enquisas. Rexistros.
- Traballos do alumnado.

Plan TIC

WEB

- Manter actualizada a web do centro e a presenza do mesmo nas redes sociais. Dar a coñecer á comunidade educativa as posibilidades de uso tanto da web, como da galería e da aula virtual.

CURRÍCULUM

- Poñer en funcionamento a concreción curricular aprobada de novas tecnoloxías para infantil e primaria.
- Establecer unha hora de novas tecnoloxías semanal para todos os grupos.

ORGANIZACIÓN

- Elaborar unhas normas de uso da aula de informática.
- Establecer un horario de uso da aula de informática.
- Recoller suxestións da comunidade educativa con respecto a este ámbito e elaborar os informes que se requiran para os órganos do centro.
- Poñer en práctica o Proxecto de Educación Dixital aprobado.

FORMACIÓN

- Recoller as necesidades formativas do profesorado co fin de establecer no futuro, se é preciso, un itinerario formativo axeitado.

RECURSOS

- Facer propostas de distribución racional de recursos para o centro.

- Xestionar os problemas técnicos do material informático.

RADIO Ü

- Seguir traballando as competencias lingüísticas do noso alumnado a través desta ferramenta e polo tanto, favorecer o seu uso entre alumnado e profesorado.

Addenda do proxecto lingüístico

a) Resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que este adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais:

Galego_14;

Castelán_9;

Galego-Castelán_2;

As establecidas nos currículos das correspondentes áreas de cada ciclo e nivel.

b) Modificacións na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s):

Impartirase francés como materia de Libre Configuración de 6º de EP.

Impartirase plástica en inglés en 1º de EP.

c) Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver neste curso.

O CEIP do Camiño Inglés foi creado no ano 2014 e a prioridade do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) será a de continuar a promoción do uso do galego en todas as instancias do centro.

Reunidos os integrantes do equipo propoñemos os obxectivos máis salientables para achegar ao Plan Xeral Anual e a programación de actividades a desenvolver durante este curso escolar 2016/17 no noso centro educativo, procurando incluír a toda a comunidade educativa.

OBXECTIVOS

A intencionalidade das actividades irán dirixidas a:

1. Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito nas actividades cotiás para ampliar os usos sociais da lingua galega, por parte dos membros da comunidade educativa.
2. Promover o galego como lingua vehicular nas distintas materias.
3. Fomentar o hábito lector en galego en todo tipo de textos: enumerativos, informativos, literarios, expositivos e prescriptivos para mellorar a competencia lingüística do noso alumnado.
4. Dinamizar cara ás institucións e familias unha actitude positiva de valoración e recuperación da lingua galega.
5. Coñecer máis e mellor o noso entorno, comarca e toda Galicia, profundando en personaxes ilustres, escritores e escritoras, festas tradicionais e demais temáticas próximas da cultura e a historia de Galicia.
6. Valorar, dende o achegamento con respecto ao seu coñecemento, a diversidade cultural e lingüística da comunidade escolar como fonte de enriquecemento persoal e colectivo.

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Entre as propostas do equipo recóllense unha serie de actividades para a promoción e dinamización da Lingua Galega como:

- Continuación da publicación da revista escolar “Carboeiro escolar” para recoller as actividades feitas ao longo do curso; a súa elaboración contará coa participación do profesorado do centro, máis a súa impresión en papel estará suxeita ás posibilidades económicas. Sen non fose viable a edición en papel farase exclusivamente en formato dixital.
- Realización de roteiros no entorno natural do colexio “Proxecto Carboeiro” como punto de inicio para o estudo das ciencias naturais e sociais do currículo, promovendo actitudes de respecto medioambiental.
- Participación no “Proxecto ríos” actividade realizada conxuntamente co CEIP de Sigüeiro denominado “Unindo canles”.
- En colaboración co Concello, continuar a participación no programa de reciclaxe “TROI”
- Proseguir co proxecto “Camiñamos en galego” coa recollida de refráns, adiviñas, receitas de cociña en colaboración coas familias.
- Organización de xogos populares e outras actividades lúdicas e deportivas en celebracións coma o Samaín, o Magosto, Entroido, fin de curso...
- Promover a creatividade e o uso do galego durante as festas de Nadal fomentando o arte postal coa actividade “Nadal en Galego”.
- Conmemorar con actividades literarias o nacemento de Rosalía de Castro o 24 de febreiro.
- Promoción da oralidade en galego utilizando a radio escolar para difundir contos e teatro de autores galegos nos distintos niveis de educación infantil e primaria.
- Realización de visitas a institucións próximas ao centro que conforman a realidade e a historia galega: concello, parlamento...
- Analizar e valorar, cunha actitude crítica, as noticias e comentarios periodísticos a través da utilización da prensa escolar na aula.
- Organizar -xunto co equipo da Biblioteca- diversas actividades de promoción e difusión da lingua galega a través de exposicións de traballos sobre libros propostos, creación de espazos literarios coa obra dos autores galegos, promoción dos “padriños e madriñas” lectoras, celebración do Día do Libro, visitas de autores e autoras.
- Conmemoración do “Día da árbore” plantando variedades autóctonas no patio do colexio.
- Creación de faladoiros literarios co obra de Carlos Casares a quen se homenaxea as Letras Galegas 2017.
- Propoñer a colaboración dos pais/nais/avós/avoas e a ANPA para participar con algunha experiencia, contacontos, relatar a súa vida profesional, teatro en familia...
- Difusión das actividades do equipo de EDLG a través da páxina web do centro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación terá un carácter crítico e formativo, realizarase de modo continuo ao longo do curso, coa intención de mellorar cara aos próximos cursos.

Previsese unha reunión semanal na que os membros do EDLG reflexionarán sobre o grao de consecución dos obxectivos e a evolución das tarefas previstas, revisando e adecuando as expectativas e, de ser o caso, tomando nota das posibles dificultades atopadas.

Valórase de interese a avaliación cualitativa, centrada no grao de cumprimento das actividades e obxectivos propostos no presente proxecto.

Realizarase unha avaliación inicial nos meses de setembro e outubro propoñendo un cuestionario a todo o profesorado onde se recollerán datos de interese relevantes para ter unha visión global do uso real do galego entre o profesorado e o alumnado no noso centro.

Programa Anual de Actividades Complementarias e Extraescolares

Son actividades complementarias aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes. A participación nelas ten o mesmo carácter obrigatorio que a asistencia á clase.

As actividades extraescolares son as que, organizadas polo Centro, incluídas na PXA e aprobadas polo C.E., se realizan fóra do horario lectivo. Non son obrigatorias.

Faranse as conmemoracións marcadas no calendario escolar e celebraranse especialmente outras (Magosto, Entroido, Nadal e Fin de Curso) coas actividades que xa se veñen realizando.

Magosto_III Carreira Escolar do Magosto, xogos cos peóns e castañas.

Nadal_Intercambio de postais.

Entroido_Desfile pola vila.

Fin de curso_Cerimonia de graduación e bocata xigante.

Durante este curso realizaremos no noso centro a I Semana de Teatro previo á Semana Santa.

Hai saídas que neste momento é difícil prever polo que as que non estean neste documento poderán contar coa aprobación provisional do equipo directivo ata unha definitiva en Consello Escolar. Pretendemos que o noso alumnado despois da súa escolarización no noso centro coñeza o máis relevante do seu arredor que poderíamos incluír en tres grupos:

- Coñecemento do Concello: Casa do Concello, Centro de Saúde, Centro de Reciclaxe, empresas máis salientables (Puentes, Vegalsa, Televés, Gamesa,...).
- Coñecemento das principais institucións e centros artísticos cercarnos: Parlamento de Galicia, Cidade da Cultura, Museo de Historia Natural, Casa das Ciencias, MUNCYT, Museo do Pobo Galego, CGAC, MACUF, MUPEGA,...
- Coñecemento das principais cidades ao noso alcance: Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra,...
- Outros centros de interese específicos poden ser o coñecemento dos ríos do noso contorno, o Camiño Inglés, o IES de Oroso, algunha granxa-escola,...
- Por outro lado, debemos aproveitar algunhas oportunidades específicas relacionadas coas actividades artísticas ou deportivas: cine, teatro, concertos, monicreques, competicións, encontros deportivos,...

Polo tanto as actividades dos distintos grupos se vertebrarán en torno a estes núcleos de interese.

Anteprojecto Económico

- ✓ Nas actividades fóra da localidade que impliquen transporte do alumnado en autobús, o alumnado aportará o diñeiro necesario ao que se lle descontará a subvención do Concello. Nas que o alumnado teña que pagar entrada a espectáculos, visitas,...; correrá pola súa conta.

- ✓ Para algunha actividade en particular: Magosto, Fin de Curso, Entroido,...; é posible que se pida unha aportación voluntaria ás familias.
- ✓ Os profesores/as organizadores de actividades deberán coordinarse coa Secretaria cando a actividade supoña algún cargo económico para o Centro.

Proposta de itinerario de actividades

Faise esta proposta só como suxestión:

	Primeiro Trimestre	Segundo Trimestre	Terceiro Trimestre
1º EP	Centro de reciclaxe	Casa das Ciencias	Granxa-Escola
2º EP	Sigüeiro	Museo de Historia Natural	Coruña
3º EP	Casa do Concello	Cidade da Cultura	Lugo
4º EP	Centro de Saúde	MUNCYT/MACUF	Santiago
5º EP	Parroquias do Concello	Parlamento	Roteiro polo río/Pontevedra
6º EP	Gamesa	Museo do Pobo /CGAG	IES de Oroso/Roteiro Camiño Inglés/Fin de primaria

Plan específico como consecuencia da avaliación individualizada

Dados os resultados obtidos na avaliación individualizada de terceiro e sexto de educación primaria, os distintos órganos colexiados consideran que a baixa participación de alumnado non ofrecen datos relevantes a nivel global.

Programas de Innovación Educativa

O Centro solicitará a participación no Plan de Mellora de Bibliotecas se non é concedido durante este curso.

Solicitamos a participación nunha actividade de inmersión lingüística para 6º de EP.

Caracole

O centro en colaboración coa ANPA Carboeiro e o Concello de Oroso desenvolve este itinerario seguro co propósito de que o alumnado poda acceder a pe ao centro.

Atención á titoría en horario lectivo

Consiste na reserva dunha hora semanal de mañá no horario docente para que todas as familias poidan ser atendidas con calidade. Cada titor/a establecerá a maneira de facer as convocatorias de entrevistas.

Proxecto de Educación Dixital

Consiste na planificación e execución dun currículo de Educación Dixital dende infantil ata o final da primaria.

Contratos-Programa

O Centro solicitará un contrato-programa segundo as características do que xa houbo o curso pasado.

Plan Proxecta

O profesorado participará en distintas actividades englobadas no Plan Proxecta: Proxecto Ríos, Meteoscolas, Mobilidade sostible e segura, e algunha máis aínda por perfilar.

Programas de Formación

O profesorado participa nas seguintes actividades de formación:

- ✓ Actividades do Plan Anual de Formación ou organizadas por outras entidades, que a nivel individual realiza o profesorado.
- ✓ Colaboramos coa Universidade de Coruña e Santiago na fase de prácticas de estudantes.
- ✓ Finalmente, implementarase un Plan de Formación deseñado polo centro que consistirá finalmente nun curso e un seminario sobre coordinación metodolóxica e no que participará todo o profesorado.

Horario do persoal non docente

A coidadora ten o mesmo horario lectivo do centro.

O conserxe ten o seguinte horario:

Luns_de 8:30 a 14:45 e de 15:45 a 18:15.

Martes_de 8:30 a 14:45 e de 15:45 a 18:45.

Mércores, xoves e venres_de 8:30 a 15:00.

Plan de utilización das instalacións do centro

As instalacións do centro poñeranse ao servizo da comunidade educativa do centro tendo como condicións facer un uso responsable das mesmas e facerse cargo dos desperfectos que se puideran derivar dun mal uso. **O Concello** utilizará as instalacións no seguinte horario:

Bos días_Todos os días de 07:30 a 09:15_Comedor

Comedor_Todos os días de 14:15 a 16:00_Comedor

Pilates_Martes e xoves de 20:00 a 21:00_Ximnasio

Ximnasia de mantemento_Martes e xoves de 21:00 a 22:00_Ximnasio

Zumba_Luns e mércores de 20 a 22, e martes e xoves de 19:00 a 20:00_Ximnasio

Running_Martes e xoves de 19 a 21_Pista exterior

Tenis_Luns de 19 a 21; Mércores de 17 a 21; Venres de 16 a 18.

Baloncesto_Luns e xoves de 16 a 18 horas.

Fútbol_Luns de 18 a 19 e venres de 18 a 20.

Club de Béisbol

Sábados de 11 a 14_Pista exterior

Plan de actividades propostas pola ANPA

Tardes lúdicas_ todos os días de 16 a 18_ Comedor

Ballet_ Luns de 16 a 17_ Ximnasio

Inglés_ Martes de 16 a 17_ Comedor

Multisport_ Mércores de 16 a 17_ Ximnasio

Teatro_ Xoves de 17 a 18_ Psicomotricidade

Patinaxe en familia_ Luns de 17 a 18_ Pista exterior

Dance family_ Mércores de 17 a 18_ Ximnasio

Plan xeral de avaliación do centro

Avaliación Externa

- A través dos resultados da Avaliación Individualizada de 3º EP e de 6º EP.
- A través dun cuestionario ás familias sobre o grao de satisfacción sobre algúns aspectos a realizar a final de curso.

Avaliación Interna

- A través das memorias elaboradas polos distintos órganos e equipos en relación ao previsto nesta PXA.
- Facendo unha valoración dos resultados académicos do alumnado nas distintas sesións de avaliación.

Estas avaliacións previstas deben ser analizadas fundamentalmente pola CCP.

Esta Programación Xeral Anual foi aprobada nos aspectos correspondentes polo Claustro o 20 de setembro de 2016, e foi informada favorablemente polo Consello Escolar do Centro o 13 de setembro de 2016.

DIRECTOR

SECRETARIA

Asdo.: Francisco Ávila Sánchez

Asdo.: M^a Carmen Regueiro Sexto

Curso	Curso	Autoría	Título	Editorial	Ano	ISBN
INFANTIL	4º EI	VV.AA.	DEX THE DINO Pb Pk	McMillan	2015	9780230446946
	5º EI	VV.AA.	DISCOVER WITH DEX 1 Pb Pk	McMillan	2015	9780230446649
	6º EI	VV.AA.	DISCOVER WITH DEX 2 Pb Pk	McMillan	2015	9780230446786

Curso	Materia	Autoría	Título	Editorial	Ano	ISBN	Lingua	
PRIMEIRO	Lingua	Varios	Lingua	SM	2014	978-84-985-4435-0	Galego	
	Lengua	Varios	Lengua	Vicens Vives	2015	978-84-682-2030-7	Castelán	
	Matemáticas	Varios	Matemáticas	Edelvives	2014	978-84-263-9293-0	Castelán	
	Sociais	Varios	Sociais	Vicens Vives	2014	978-84-682-2195-3	Galego	
	Naturais	Varios	Ciencias da Natureza	SM	2014	978-84-9854-437-4	Galego	
	Inglés	Varios	Tiger 1 Pupil's book Pack	MacMillan	2014	9780230475458	Inglés	
	Música	Varios	Música 1	Santillana	2011	978-84-9972-086-9	Galego	
	Plástica	Varios	Arts and crafts 1	Anaya	2014	978-84-678-4572-3	Inglés	
	Relixión	Sen texto						
	Valores	Sen texto						

Curso	Materia	Autoría	Título	Editorial	Ano	ISBN	Lingua	
SEGUNDO	Lingua	Varios	Lingua	SM	2015	978-849-854-512-8	Galego	
	Lengua	Varios	Lengua	Vicens Vives	2015	978-84-682-2823-5	Castelán	
	Matemáticas	Varios	Matemáticas	Edelvives	2015	978-84-263-9586-3	Castelán	
	Sociais	Varios	Sociais	Vicens Vives	2015	9788468228976	Galego	
	Naturais	Varios	Ciencias da Natureza	SM	2015	978-84-9854-509-8	Galego	
	Inglés	Varios	Tiger 2 Pupil's book Pack	MacMillan	2014	9780230475465	Inglés	
	Música	Varios	Música	Santillana	2011	9788499720890	Galego	
	Plástica	Varios	Plástica	Anaya	2015	9788467877052	Galego	
	Relixión	Sen texto						
	Valores	Sen texto						

Curso	Materia	Autoría	Título	Editorial	Ano	ISBN	Lingua	
TERCEIRO	Lingua	Varios	En liña	Anaya	2012	9788467820942	Galego	
	Lengua	Varios	En línea	Anaya	2012	9788467816822	Castelán	
	Matemáticas	Varios	P.Conecta 2.0	SM	2012	9788467553888	Castelán	
	Coñecemento do Medio	Varios	Os camiños do saber	Santillana-Obradoiro	2012	9788499720920	Galego	
	Inglés	Nina Lauder	Explorers 3º Class Book e Activity Book	Oxford	2011	9780194509961 9780194508933	Inglés	
	Música	Varios	Música	Santillana	2012	9788499721880	Galego	
	Plástica	Varios	Plástica	Anaya	2014	9788467849509	Galego	
	Relixión	Sen texto						
	Valores	Sen texto						

Curso	Materia	Autoría	Título	Editorial	Ano	ISBN	Lingua
CUARTO	Lingua	Equipo Carabeiro	Lingua	Anaya	2012	9788467821000	Galego
	Lengua	Varios	En Línea	Anaya	2012	9788467816891	Castelán
	Matemáticas	Varios	Conecta 2.0	SM	2012	9788467554571	Castelán
	Coñecemento do Medio	Varios	Os Camiños do Saber	Santillana Obradoiro	2012	9788499721910	Galego
	Inglés	Suzanne Torres	Explorers 4º Class Book e Activiy Book	Oxford	2011	9780194509978	Inglés
	Música	Varios	Música	Santillana	2012	9788499721934	Galego
	Plástica	Varios	Plástica	Anaya	2015	9788467880250	Galego
	Relixión	Sen texto					
	Valores	Sen texto					

Curso	Materia	Autoría	Título	Editorial	Ano	ISBN	Lingua
QUINTO	Lingua	Varios	Lingua	SM	2014	978-84-9854-421-3	Galego
	Lengua	Varios	Lengua Castellana	Santillana	2014	978-84-680-1057-1	Castelán
	Matemáticas	Varios	Matemáticas	SM	2014	978-84-675-6993-3	Castelán
	Sociais	Varios	Ciencias Sociais	Anaya	2015	978-84-678-8588-0	Galego
	Naturais	Varios	Ciencias Naturais	Anaya	2015	978-84-678-8585-9	Galego
	Inglés	Sarah Phillips	Explorers 5º Class Book e Activity Book	Oxford	2011	9780194509244 9780194509251	Inglés
	Música	Varios	Música	Santillana	2012	9788499721941	Galego
	Plástica	Varios	Plástica	Anaya	2015	9788467835274	Galego
	Relixión	Sen texto					
Valores	Sen texto						

Curso	Materia	Autoría	Título	Editorial	Ano	ISBN	Lingua	
SEXTO	Lingua	Varios	Lingua	SM	2015	978-84-9854-525-8	Galego	
	Lengua	Varios	Lengua	SM	2015	978-84-675-7566-8	Castelán	
	Matemáticas	Varios	Matemáticas	Edelvives	2015	978-84-263-9648-8	Castelán	
	Sociais	Varios	Sociais	Vicens Vives	2015	9788468228525	Galego	
	Naturais	Varios	Ciencias da Natureza	Anaya	2015	978-84-678-8308-4	Galego	
	Inglés	Sarah Phillips	Great Explorers 6º Class Book e Activity Book	Oxford	2014	9780194820509 9780194507981	Inglés	
	Música	Varios	Música	Santillana	2012	9788499721958	Galego	
	Plástica	Varios	Plástica	Anaya	2015	9788467835298	Galego	
	Relixión	Sen texto						
	Valores	Sen texto						